

Resolución do procedemento de inscrición do monte Vilaquinte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

Antecedentes

1. O 21/04/2021 o presidente do monte veciñal en man común de Vilaquinte, en representación da comunidade de veciños de Vilaquinte, titular do monte, en Cervantes, solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O día 14/07/2021 o Servizo de Montes de Lugo informou favorablemente a solicitude.
3. O día 02/08/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública os procedementos de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas de varios montes situados na provincia de Lugo, entre eles o monte "Vilaquinte".
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
5. Instruído o procedemento, prescínndese do trámite de audiencia, segundo o estipulado no apartado 4 do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
6. O 30/11/2021 o xefe do Servizo de Montes de Lugo formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte **Vilaquinte** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.



3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriba o monte **Vilaquinte** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Nome do monte: Vilaquinte (Cervantes, Lugo)

Titular: CMVMC de Vilaquinte

Superficie a inscribir:

- Tres coutos redondos de 16,1183 ha en total: un de 4,9475 ha, o número dous de 6,5495 ha e o número tres de 4,6213 ha
- *Quercus pyrenaica, Quercus robur, Betula sp. e Castanea sativa*
- FCC 100%, idade media 20 anos.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
JOSÉ LUIS CHAN RODRIGUEZ
(Asinado dixitalmente)

